

OROZA 100

Este libro ha sido comisionado con motivo del centenario del nacimiento del poeta Carlos Oroza en el marco de la Asociación Évame Oroza por Alberto Avendaño, Antón Patiño y Arantxa Amatriaín durante el año 2023 en Vigo.

© de las ilustraciones de cubierta y portadilla: Frederic Amat
© de las ilustraciones de interior de cubierta: Menchu Lamas
© de las fotografías pag 17-21: Editorial Elvira
© de la fotografía pag 22: Archivo fotográfico *Diario de Pontevedra*
© de la introducción: Alberto Avendaño
© de la cronobiografía: Branca Novoneyra
© de los textos: a los autores y autoras respectivos
© de las traducciones: a los autores y autoras respectivos
© de la gráfica: los artistas respectivos

© de la edición: Asociación Cultural Évame Oroza
CIF: G10971679
Subida á Costa 5 36202 Vigo (Pontevedra)
www.evame.es admin@evame.org

Producción: *Editorial Elvira*
Maquetación: *Rubén Romero*
Diseño de cubiertas: *Rubén Romero*
Corrección: *Arantxa Amatriaín*
Editor: *Xabier Romero*
Impresión: *Artes Graficas Jadfel S.L.*

Primera edición: Octubre 2023
ISBN: 978-84-127833-0-8
Depósito legal: VG 681-2023

Esta publicación, realizada co gallo do centenario do nacemento do poeta Carlos Oroza, conta co apoio da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Todos los derechos están reservados. Queda prohibida la reproducción total o parcial de ste libro por cualquier medio o procedimiento, comprendidos la reprografía y o tratamientos informáticos, fotocopia o la grabación sin los permisos expresos de los titulares del copyright.

ÉVAME OROZA

XUNTA DE GALICIA

Naín

Margarita Ledo Andión

Naín. Un lugar *inocente e imposíbel*. Como Alicia.

Ese lugar, Naín, nun norte *onde o mar é mais alto có ceo*, (l)évame sempre ao corpo en movemento, ao alento incrustado no imán de cada verba-río, de cada palabra que tracciona e Oroza fai pasar unha vez e outra. Bailadela que é ao tempo festa e memorial. Corpo en tránsito para si propio, ese desdobramento de quen performa a existencia e faina devalar en cada poema.

Évame, libérame, dixo ele aquela noite en Compostela, na casa de Chichi Campos, con Vivaldi no *pick-up* mentres falabamos do recital na Galería Sargadelos e da presentación de *Cabalum*. E comezou coma adoitaba comezar. Por América:

Me he despertado en este trozo oscuro y estoy inmerso en esta oscuridad

O ton certo e o ritmo orgánico que exhibe en cada actuación independízanse por veces desa figura que prefire camiñar a escena de perfil. Apenas falamos das tres ou catro cousas biográficas que os ecos levan e traen. A *beat*. *Se prohibe el paso*. A filla cega.

Contempla o silencio auroral, o desexo, o malestar do mundo tal un frade observante que desde o xanelo do mosteiro olla alén-noite-e-día e fai chegar esa mensaxe: a terra continúa despois do horizonte co que ese mar atalante ou cántabro soborda o misterio do goce.

volé tan alto tan alto

que le di a la caza alcance

Díxomo a comén da rúa Nova enque definía a poesía. Ao dicilo avantou uns pasos, virou, ollou de fronte, ergueu o riso e a testa tal se lle puxera as ás para o lance amoroso ao seu talismán, Juan de la Cruz. E esas doas, como cada unha das súas aparicións e desaparicións, engarzaban unhas nas

outras con perfecta harmonía. Non lle gustaba a roupa de estrea e, talvez, querería un mordomo para vestila antes varias veces. Ou iso foi o que comentou como costume británica de certa nobreza. Vestir o seu Kabic azul, o seu pullover, o seu tenaz café con leite.

Este 18 de xaneiro do 2023 fomos co filme de non ficción Nación ao cárcere da Lama, perto da serra do Suído e dunha vila outrora balnearia, Ponte Caldelas. As vértebras da Lama, nun picouto frío e ventado *máis alto co ceo*, articúlanse coma unha cidadela. Moi perto do módulo de saúde mental, nun dos obradoiros préndome dunha fotografía de grupo, con batas e gorro de tule branco, que decora o recinto. Pablo, o educador que é tamén o noso anfitrión, coméntanos esa visita de internos a un centro de formación profesional en Pontevedra. Un centro no que aprendes cociña e pastelaría. «Centro Carlos Oroza» é o seu nome. Unha galanía que celebra o poeta de Naín naquilo que, xusto, non o caracteriza. Entón ele estende as mans e bica o ar.